



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES DO MILLADOIRO



Travesa do Porto, s/n 15895 Ames
☎ 881 959 514 ☎ 881 978 766
ies.milladoiro@edu.xunta.es



Prezadas familias:

A Dirección e o Departamento de Orientación do IES do Milladoiro infórmanvos de que o **alumnado de 1º da ESO** participará na actividade **“Internet e Redes Sociais”** impartida pola Garda Civil dentro do “Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e a súa Contorna”, o **venres 17 de marzo**.

Esta charla forma parte das actividades que realizará, ao longo do mes de marzo, o alumnado de 1º e 3º da ESO no obradoiro: “Reflexionando xuntos sobre a utilización responsable das novas tecnoloxías”, nas sesións de titoría. Aproveitaremos este traballo conxunto como actividade cooperativa do Programa TEI “Titoría entre iguais”, de prevención do acoso escolar.

Os obxectivos que se pretenden co obradoiro son:

- Crear espazos de reflexión sobre o uso das novas tecnoloxías entre os titorizados/as (alumnado de 1º) e titores/as (alumnado de 3º) TEI.
- Brindar elementos de análise para traballar en equipo e construír criterio saudable e responsable na utilización das novas tecnoloxías e redes sociais.

A información e links de interese estarán á vosa disposición na páxina web do centro na pestana “TITORÍAS E FAMILIAS”

Sen máis que comunicarvos polo momento, recibide un cordial saúdo.

O Milladoiro, 5 de marzo de 2017.